

O DEBATE SOBRE O ACORDO RETRIBUTIVO PREGUNTAS E RESPOSTAS

Estes días vense dando nos centros sanitarios o lóxico debate sobre o resultado final da negociación retributiva co Sergas, centrado sobre todo na cuestión de si os incrementos acadados son unha enchenta ou son unha merda.

Para esa pregunta, prantexada así no aire como ven facendo algún sindicato, a CIG tería dende logo unha resposta fácil e clara, como a ten a maioría do persoal: todo parece unha merda, sempre reclamamos máis. Ata aquí, todos debemos coincidir e firmar nos correspondentes pliegos de recollida de firmas. Pero eso nos parece unha pregunta de pura demagogia si se queda só ahí.

Para nós, a primeira pregunta lóxica será:

¿podiamos conseguir máis nesta negociación?

A nosa resposta tamén é fácil e clara. Porque tamén temos moi clariño que os incrementos salariais non son unha gracia concedida por ninguén. Aquí ninguén regala nada. Os incrementos salariais, como calquera outra mellora laboral, se conquistan.

CIG-Saúde mantivo en todo momento unha posición de firmeza na mesa negociadora, convocou assembleas e fixo propostas de mobilización durante a negociación, cando había que empuxar. E conseguiu con elo modificar sustancialmente as propostas iniciais do Sergas. Non se pode decir o mesmo de todo o mundo, polo que chegou un punto no que valoramos que non había forza para conseguir máis.

Entón ven a segunda pregunta:

si non hai forza para máis, ¿os incrementos conseguidos son ou non son despreziables?

Para responder a esto necesitamos elementos de comparación. Indicamos algúns que nos serviron para facer esa valoración:

- O vixente acordo da función pública estatal, firmado por CCOO, CSIF e UGT, establece incrementos retributivos entre o 1,4% e o 2,5%. Os incrementos negociados no Sergas supoñen entre o 8,5% e o 9,3%.
- O acordo no sector do ensino en Galicia suscrito en xullo por CCOO, CSIF, UGT e ANPE establece un incremento retributivo de 1.200 euros anuais (grupo B), aplicado en varios prazos ata outubro do 2006. A cifra no Sergas é de 1.550 euros, e se remata na nómina de xaneiro do 2006.
- O acordo no Sergas do ano 2001, firmado por CCOO, CSIF, UGT, CEMSATSE e CIG, establecía incrementos retributivos de 0 euros no grupo A, 1.514 no B, 865 no C, 721 no D

e 613 no E. A negociación no Sergas establece respectivamente 3.150, 1.550, 1.200, 1.100 e 1.050.

- d) A administración da Xunta non ten conseguido acordos retributivos, quedándose neste ano co abono dunha paga de 251 euros non consolidable.

Con estas referencias tomadas da terca realidade, non nos parecía posible desprezar os incrementos conseguidos na negociación.

Quedaríanos inda unha terceira pregunta:

¿ten o posible acordo algún custe para os traballadores, ou empeora outras condicións laborais a cambio da subida?

A esta cuestión a resposta é inda máis contundente, sen interpretacións. Porque a pesar de que o Sergas xa dende o mes de decembro do ano pasado prantexou que si había subidas sería sempre a cambio de modificar condicións de traballo, o resultado final da negociación garante que os incrementos son limpos, sen contraprestación algunha para os traballadores.

Conclusión:

¿Acordo ou Folga?

E chegados ata aquí, debería quedar suficientemente claro que a disposición de CIG-Saúde a suscribir este acordo está razonada exclusivamente en base a estes tres criterios apuntados.

Claro que tamén poderíamos lexitimamente dicir que non, pero consideramos que estaríamos entón obrigados a promover unha mobilización de envergadura capaz de modificar o negociado. E pensamos sinceramente que non existían condicións para elo.

Agora ben. Si algunha organización sindical, máis alá de posturas testimoniais ou oportunistas, ten agora a disposición real que non tivo durante a negociación para convocar unha folga con todas as consecuencias e co obxectivo de mellorar o conseguido, que sepa que a CIG estará, como sempre, ao lado da decisión maioritaria dos traballadores.

E que si esas condicións non se dan, entón o acordo non será nin bo nin malo. Será tan só un importante paso cara ao obxectivo de conseguir mellorar sustancialmente as nosas retribucións. Porque a loita por unha homologación real continúa viva.

**PD/ Estatuto Marco e Lei de Ordenación Sanitaria de Galicia
Urxencias extrahospitalarias**

Esas dúas normas, que están en plena tramitación parlamentaria, conteñen medidas que representan auténticas agresións e merma de dereitos, contra as que é preciso loitar.

Por outra parte, a reforma do modelo das Urxencias extrahospitalarias é unha necesidade imperiosa, e debemos obrigar ao Sergas a abordar xa a súa negociación.

ESTES SON, PARA TODOS, RETOS PRIORITARIOS DESTE TEMPO SINDICAL.